

Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para a aplicación de descontos á mocidade no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda,
DECLARA:

Que esta Dirección xeral de Mobilidade formalizou con Abanca Corporación S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 03/08/2016 ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- a) Establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a aplicación de bonificacións á Xente Nova (persoas con idades comprendidas entre os 4 anos e os 18 anos de idade, inclusive) no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas Áreas de Transporte Metropolitano constituídas e naquelas que se constitúan.
- b) Adquirir 50.000 Tarxetas Metropolitanas de Galicia, para os efectos de garantir a reserva existente para a posta a disposición ao público.
- c) Adquirir 100.000 Tarxetas Metropolitanas de Galicia identificadas como “TMG Xente Nova”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia establece a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude. A transversalidade é definida como a coordinación a nivel sectorial entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e establécese como un dos eixos principais



da norma. O Plan Estratéxico da Xuventude de Galicia configúrase no artigo 4 da lei como o principal instrumento para acadar a devandita transversalidade en materia de xuventude coas consellerías da Xunta de Galicia. Neste marco, cómpre destacar que a Xunta de Galicia ten actualmente en marcha o Plan Estratéxico da Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. Trátase dun documento flexible destinado a ir incorporando novas actuacións que, en cada caso, se adopten a prol da mocidade galega.

Con base no compromiso do goberno galego por mellorar a calidade de vida dos nenos e da mocidade na Comunidade Autónoma de Galicia vaise tramitar un proxecto de Orde do pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia. Trátase deste xeito de fomentar a mobilidade e o uso do transporte público colectivo entre a Xente Nova.

O Goberno galego aposta por mellorar la calidade de vida da infancia y da xuventude na Comunidade Autónoma de Galicia. Co obxectivo de fomentar a mobilidade e o uso do transporte público colectivo entre a xente nova ofrecendo condicións tarifarias especialmente favorables, estimase necesario recoller nunha disposición o conxunto de regras que garanticen a aplicación da nova tarifa para la xente nova nos medios de transporte integrados no Plan de transporte metropolitano de Galicia, na dobre vertente dos dereitos e das obrigas das persoas beneficiarias desta tarifa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

